




RÍO UMIA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 2,5 horas



O río Umia e os seus afluentes teñen numerosas paraxes polas que facer unha camiñada, visitar fervenzas e muíños e entrar en contacto coa natureza. Nesta ocasión imos falar dunha ruta sen moitas dificultades que discorre polos concellos de Ribadumia e Cambados e que foi acondicionada pola Escola Obradoiro.

Axeitada para calquera época do ano para poder gozar das imaxes da auga, da natureza cambiante ao longo do ano e dos cultivos da comarca do Salnés. O percorrido é doado e discorre entre árbores e outras plantas de ribeira e cultivos na marxe do río. No camiño podemos atopar algunha garza, corvos mariños, picapeixes e os insectos típicos da beira da auga, sobre todo libeliñas. Segundo a estación e a hora podemos gozar de distintas luces e cores. En Cabanelas hai un muíño, agora moi transformado, e en Pontearenelas unha antiga ponte moi alterada pola construción da estrada.

COMO CHEGAR:

Pódese iniciar desde distintos lugares: Pontearenelas, Cabanelas ou a ponte entre Cobas de Lobos (Cambados) e Barrantes (Ribadumia); completa (uns 8 km ida e volta) ou por tramos. Tamén se pode completar cos Muíños do Batán (Ribadumia) ou seguindo o Rego da Armenteira (Ribadumia e Meis).






Muíños do Batán (Ribadumia)



Flores de lúpulo



Pontearnelas



Garza real

